

# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**GREGO**

**2º BACHARELATO**

**CURSO 2022-2023**

**José Luis López Salgado**

## ÍNDICE

1. Introducción.....	4
1.1. Fundamentos da programación.....	4
1.1.1. Fundamentos pedagóxicos.....	4
1.1.2. Fundamentos sociolóxicos.....	5
1.1.3. Fundamentos psicolóxicos.....	5
1.1.4. Fundamentos epistemolóxicos.....	6
1.1.5. Base normativa.....	6
1.2. A programación.....	7
2. Obxectivos.....	7
3. Competencias.....	10
4. Contidos.....	12
5. Avaliación.....	13
5.1. Consideracións xerais.....	13
5.2. Criterios de avaliación da materia.....	14
5.3. Estándares de avaliación.....	17
5.4. Procedementos, técnicas e instrumentos de avaliación.....	18
5.5. Información ao alumnado e ás familias.....	19
5.6. Criterios de cualificación.....	19
5.7. Sistema de recuperación.....	19
5.8. Avaliación da práctica docente.....	20
6. Metodoloxía.....	21
6.1. Principios metodolóxicos xenerais.....	21
6.2. Aplicacións metodolóxicas concretas.....	21
6.3. Actividades, tarefas e proxectos.....	22
6.3.1. Tipos de actividades.....	23
6.4. Actividades para o fomento da lectura e a expresión oral.....	24
6.5. Materiais curriculares e recursos didácticos.....	24
6.5.1. Criterios de selección e utilización.....	24
6.5.2. Recursos que se utilizan no desenvolvemento das UDD.....	25
6.6. Uso das TIC.....	25

6.7. Organización da aula.....	26
6.7.1. Agrupamentos de alumnos.....	26
6.7.2. Uso do espazo.....	26
6.7.3. Uso do tempo.....	27
6.8. Actividades complementarias e extraescolares.....	27
7. Atención á diversidade.....	27
7.1. Marco normativo.....	27
7.2. Tipoloxía do alumnado.....	28
7.3. Medidas ordinarias para a atención á diversidade.....	28
7.4. Medidas extraordinarias para a atención á diversidade.....	28
7.5. Outras medidas de atención á diversidade.....	28
8. Elementos transversais.....	28
9. Temporalización.....	30

## **1. Introducción.**

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño no seu Título II (Bacharelato), Capítulo I (Principios e obxectivos), Artigo 25 (Finalidade), establece que “O bacharelato ten como finalidade proporcionar aos alumnos formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará aos alumnos para acceder á educación superior.”

Os docentes do século XXI enfrontámonos a unha tarefa, en ocasións “hercúlea”, ao ter que capacitar aos nosos alumnos para vivir nunha sociedade dominada polas novas tecnoloxías, na que a cantidade de información sobre calquera tema ataféganos, facendo máis difícil unha análise da mesma e facilitando así unha posible manipulación. Ademais, non podemos negar a capacidade de atracción que os dispositivos electrónicos exercen sobre as persoas, provocando un illamento, en ocasións excesivo, que complica a comunicación e a convivencia. Por último, está a xerarse unha necesidade de “goce inmediato” de todo o que facemos, restando valor a todo o que se consegue a través do esforzo e a superación de problemas. O obxectivo desta programación é utilizar a materia de Grego de 2º de Bacharelato para facilitar aos alumnos o acceso ao mundo clásico e ofrecerlles unha serie de coñecementos e habilidades que lles permitan adoptar unha actitude reflexiva, analítica e tolerante ante calquera situación e gozar dunha vida plena en harmonía co resto da sociedade.

Antes de empezar a deseñar a concreción dos aspectos curriculares é necesario facer mención dos cinco piares básicos nos que se asenta a programación: as fontes pedagóxica, sociolóxica, psicolóxica e epistemolóxica, e a base normativa, que deriva delas.

### **1.1. Fundamentos da programación.**

#### **1.1.1. Fundamentos pedagóxicos.**

Toda programación debe ser adecuada á lexislación educativa, a un determinado contexto e ás características e necesidades do alumnado. Ademais debe ser concreta, para poder ser utilizada como guía sen ambigüidades, flexible, podendo ser mellorada tras a avaliación de cada curso, e viable, pois é fundamental que poida levarse a cabo.

### **1.1.2. Fundamentos sociolóxicos.**

O centro IES Canido está ubicado no barrio de Canido, na parte alta ao noroeste da cidade de Ferrol. Dentro do casco urbano e lindante coas antigas murallas. Ao carón da igrexa parroquial do barrio e do polideportivo San Rosendo. Dende a súa ubicación pódese ver a enseada da Malata (Ría de Ferrol), e máis lonxe as parroquias de Serantes, Xoane, A Cabana e A Graña.

O barrio de Canido é un barrio antigo pero onde se constrúen vivendas novas, con un importante aumento de poboación. O nivel socio económico é medio. Neste barrio atópanse varios centros de Educación Primaria.

O IES Canido é un centro de Educación Secundaria e Bacharelato, que conta con profesorado para atender a alumnos que proceden doutros países ou pertencen a clases sociais marxinadas. O centro ten uns 300 alumnos de ESO e BACHARELATO, de entre 12 e 18 anos.

O Departamento de Latín é unipersoal, e o xefe do departamento, José Luis López Salgado, encargase das seguintes materias:

- Cultura Clásica en 3º ESO: tres módulos semanais.
- Latín 4º ESO: tres módulos semanais.
- Latín 1º Bacharelato: catro módulos semanais.
- Latín 2º Bacharelato: catro módulos semanais.
- Grego 2º Bacharelato: catro módulos semanais.

O grupo de alumnos de Grego de 2º de Bacharelato está formado por 2 alumnos.

### **1.1.3. Fundamentos psicolóxicos.**

Os alumnos de 2º de Bacharelato xa superaron a adolescencia, un período de transición entre a infancia e a idade adulta, durante o cal teñen lugar importantes cambios físicos e psicolóxicos. Un destes cambios é o desenvolvemento da personalidade, que se asenta en tres piares: o concepto que o adolescente ten de si mesmo, a autoestima e a conciencia da propia identidade. É tamén destacable o desenvolvemento social e afectivo, no que desempeñan un papel esencial a familia e o grupo de amigos. Por último hai que destacar o desenvolvemento cognitivo que é fundamental para o establecemento de obxectivos coherentes nesta programación didáctica. En opinión de Piaget, durante a adolescencia o alumno atópase no período das operacións formais e é capaz de resolver problemas baseados en

conceptos abstractos, para o que é esencial o desenvolvemento da linguaxe. Pode elaborar conxecturas e hipóteses, prevendo distintas solucións. É, en definitiva, capaz de formular hipótese, comparalas e sometelas a comprobación para obter conclusións e deducións.

#### **1.1.4. Fundamentos epistemolóxicos.**

A materia de Grego en 2º de Bacharelato é unha materia de opción. Segundo apunta o D 86/2015, na súa introdución á materia de Grego, a principal finalidade da materia é: “Introducir o alumnado no coñecemento básico da lingua grega antiga nos seus aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos, co obxecto de lle permitir acceder directamente a algúns dos textos orixinais máis importantes da tradición literaria helénica, a través dos cales chegou ata nós unha boa parte do denominado legado clásico. O estudo da lingua e a literatura grega serve, ademais, como instrumento idóneo para se iniciar nun coñecemento directo do pensamento e a cultura grega antiga, que constitúen a base da civilización occidental”.

Desde o punto de vista da epistemoloxía, a materia de Grego destaca por unha serie de características científicas e didácticas. Entre as científicas podemos destacar que o estudo da lingua grega é unha importante ferramenta para o desenvolvemento da capacidade intelectual do alumno e proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. En canto á didáctica, os contidos preséntanse agrupados en sete bloques que se refiren a cuestións lingüísticas e a temas culturais, aspectos ambos que constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización grega. Para o estudo de ambas as facetas a ferramenta imprescindible serán os propios textos, estudando desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real.

#### **1.1.5. Base normativa estatal e autonómica.**

A base normativa supón o primeiro nivel de concreción do currículo:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ensinos de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación no ensino da ensinanza secundaria e o bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## **1.2. A programación.**

Son tamén elementos crave nesta programación competencias como comunicación lingüística e aprender a aprender, que se verán moi reforzadas polo estudo da lingua grega e o labor de tradución que estimula a memoria e a lóxica de pensamento, mellorando o razoamento. Outro aspecto importante dentro desta programación será o traballo de elementos transversais como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, e o emprego das TICs para traballar distintos aspectos da materia aproveitado a infinidade de recursos que nos ofrece internet.

## **2. Obxectivos.**

No seu artigo 26 (Obxectivos) o D 86/2015 establece que o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade. É fundamental traballar cos alumnos non só o respecto, senón a participación en todas as actividades organizadas no centro, adoptando unha actitude proactiva para mellorar a súa día a día.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser capaz de prever e

resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. Como xa comentei na introdución, o exceso de información que nos rodea fai moi necesario o espírito crítico, para poder manter unha certa autonomía e evitar a manipulación.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar críticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade. Aínda que no noso centro apenas hai problemas de discriminación racial ou social, si hai que traballar moito aínda para evitar comportamentos sexistas entre os alumnos.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. É un dos obxectivos do centro conseguir que a lectura sexa unha alternativa de lecer real para os alumnos. Na materia de Grego, a mitoloxía é un poderosísimo aliado para conseguilo.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá. O estudo da lingua grega favorecerá moi especialmente a comprensión e o uso de ambas as linguas, ao facilitar a comparación de estruturas, categorías, vocabulario, etc.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras. O devandito no obxectivo anterior, pode aplicarse tamén ás linguas estranxeiras ofertadas no centro: inglés e especialmente o francés, por ser unha lingua romance.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación. É moi importante concienciar aos alumnos de que as TICs poden ser unha ferramenta moi útil para o traballo diario, pero tamén unha fonte inesgotable de confusión, se non se utilizan correctamente.

h) Coñecer e valorar críticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de maneira solidaria no desenvolvemento e na mellora da súa contorna social. Coñecer o pasado, concretamente o mundo clásico, pode axudarnos a non cometer certos erros e a aprender das experiencias dos nosos antepasados.



i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sostible do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico. Outro dos piares básicos do ensino no centro é fomentar o traballo colaborativo, concienciando aos alumnos de que todos temos sempre algo útil que chegar.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural. O coñecemento da arte e a literatura grecorromanas proporcionará aos alumnos unha sólida base para comprender, interpretar e valorar creacións artísticas posteriores.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado. É importantísimo que os alumnos valoren todo o patrimonio que teñen á súa disposición, empezando polo máis próximo (restos arqueolóxicos dunha vila romana atopados en Cambre), entendendo que é algo que debemos conservar para o goce das xeracións vindeiras.

A materia de Grego debe contribuír a que o alumno alcance todos os obxectivos de etapa do bacharelato, aínda que naturalmente, polo propio carácter da materia, terá máis influencia en obxectivos de tipo académico, cultural e cívico. No apartado de avaliación incluírase unha táboa na que se relacionarán os obxectivos cos outros elementos do currículo.

### 3. Competencias.

O D 86/2015 define as competencias como: “Capacidades para aplicar de maneira integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, a fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.”

Coa LOMCE as competencias convértense no núcleo do sistema de ensino e avaliación, establecendo relacións cos outros elementos do currículo como mostra a Orde ECD 65/2015 do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

Na introdución á materia de Latín no D 86/2015 analízase a contribución da materia ás competencias clave:

A **comunicación lingüística** é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Grego, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos ha redundar sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. A posibilidade de establecer comparacións e paralelismos entre o grego, o latín, o galego e o castelán facilita a adquisición desta competencia.

O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de **aprender a aprender**. Resultan fundamentais tamén para esta competencia a organización, planificación e capacidade de análise que se exercitan ao traballar cos textos.

A **competencia matemática** e as **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** poden traballarse nos temas de cultura e civilización, e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal.

A **competencia dixital** deberá estar presente en todo momento; a procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesorado, deberán servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais, e pólos ao dispor da comunidade

educativa. Hai que destacar a inxente cantidade de recursos dispoñibles na rede para traballar dunha forma “distinta” os contidos da materia.

As competencias **sociais e cívicas** poden traballarse nomeadamente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo grego, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade. É moi importante coñecer a orixe de moitas dos nosos costumes e institucións, e incidir na importancia da súa evolución, reforzando a idea de que, en beneficio de todos, debemos seguir avanzando na mellora da sociedade.

A competencia en **conciencia e expresión cultural**, ademais de no estudo da literatura grega, está moi presente nos contidos referidos ás artes plásticas, ás festas e os espectáculos, e ás manifestacións relixiosas, entre as que tamén se contan os xogos deportivos. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos e estilos artísticos, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contorno, ben sexa nas páxinas dun libro ou ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico. Os coñecementos de mitoloxía son especialmente útiles para poder interpretar e entender unha gran cantidade de obras de arte.

A competencia que traballa o **sentido da iniciativa e o espírito emprendedor** estará presente sobre todo no bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo. O ambiente de traballo e confianza que se xera nos grupos cun número reducido de alumnos, como o de grego, facilita enormemente a participación e aumenta o protagonismo de cada alumno.

No apartado de avaliación incluírase unha táboa na que se relacionarán as competencias cos outros elementos do currículo. Nese mesmo apartado concretarase como se avaliarán os niveis de desempeño competenciais alcanzados polo alumno.

#### 4. Contidos.

O D 86/2015 define os contidos como: “Conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos de Grego de 2º de Bacharelato están recollidos no mesmo decreto, agrupados en bloques que se refiren tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais:

<b>Bloque 1. Lingua grega.</b>
--------------------------------

B1.1. Dialectos antigos, dialectos literarios e koiné.
--

B1.2. Do grego clásico ao grego moderno.
--

<b>Bloque 2. Morfoloxía.</b>
------------------------------

B2.1. Revisión da flexión nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.
--

B2.2. Revisión da flexión verbal: conxugación atemática. Modos verbais.
---

B2.3. Análise morfolóxica.
----------------------------

<b>Bloque 3. Sintaxe.</b>
---------------------------

B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.
---

B3.2. Usos modais.
--------------------

B3.3. Tipos de oracións e construcións sintácticas.
---

B3.4. Oración composta. Formas de subordinación.
--

B3.5. Análise, tradución e interpretación de textos.
--

<b>Bloque 4. Literatura latina.</b>
-------------------------------------

B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.
---

<b>Bloque 5. Textos.</b>
--------------------------

B5.1. Tradución e interpretación de textos gregos.
--

B5.2. Uso do dicionario.
--------------------------

B5.3. Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa.
---

B5.4. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.
---

B5.5. Identificación das características formais dos textos.
--

<b>Bloque 6. Léxico.</b>
B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común.
B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica.
B6.3. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.
B6.4. Descomposición de palabras nos seus formantes.

Para presentar estes contidos aos alumnos, será necesario secuenciarlos, tendo en conta criterios epistemolóxicos (maior ou menor complexidade), psicolóxicos (grao de madurez do alumnado), pedagóxicos (coñecementos previos existentes) e temporais (horario da materia). Nesta secuenciación os contidos dos distintos bloques iranse intercalando, en función das súas relacións internas, tendo presenza en cada unidade didáctica contidos de case todos os bloques. Posto que os contidos selecciónanse pola súa contribución ás competencias básicas, en cada unidade didáctica presentaranse secuenciados e relacionados cos obxectivos, as competencias e os criterios de avaliación. A temporalización dos contidos quedará reflexada nas unidades didácticas.

## **5. Avaliación.**

### **5.1. Consideracións xerais.**

No seu artigo 33 (Avaliacións) o D 86/2015 establece que “Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis”. A avaliación ha de realizarse tendo en conta a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

O D 86/2015 establece para a materia de Grego de 2º de Bacharelato un total de 36 estándares de aprendizaxe avaliábeis. Aínda que todos eses estándares avaliaranse durante o curso, seleccionamos un grupo de 33 estándares básicos, é dicir, imprescindibles para garantir un adecuado progreso do alumnado. Dada a importancia das competencias lingüística e cultural na nosa materia, todos estes

estándares básicos pertencen aos bloques de morfoloxía, sintaxe, literatura, textos e léxico.

## 5.2. Criterios de avaliación da materia.

No D 86/2015 defínense os criterios de avaliación como “referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina”. Tamén establece os criterios de avaliación para a materia de Latín en 2º de Bacharelato. Imos presentar eses criterios de avaliación en forma de táboa para establecer a súa relación cos restantes elementos do currículo: obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe avaliáveis e competencias clave. Os **estándares de aprendizaxe básicos** aparecen destacados en **negrita** na táboa.

<b>Contidos Obxectivos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>EAE</b>	<b>Competencias clave</b>
B1.1. e / f / h	B1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa.	1.1.1.	CCL / CD / CCEC
B1.2. d / f	B1.2. Comprender a relación directa entre o grego clásico e o moderno, e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución.	1.2.1.	CCL / CAA

<b>Contidos Obxectivos</b>	<b>Critérios de avaliación</b>	<b>EAE</b>	<b>Competencias clave</b>
B1.2. d / f	B1.3. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual nos aspectos fonéticos, morfosintáctico e léxico.	1.3.1.	CCL
B2.1. d / e / f	B2.1. Identificar, analizar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas nominais e pronominais.	2.1.1.	CCL
B2.2. d / e / f	B2.2. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas verbais.	2.2.1.	CCL
B2.3. d / e / f	B2.3. Coñecer as categorías gramaticais.	2.3.1.	CCL
B2.3. d / e / f	B2.4. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	2.4.1.	CCL
B2.3. d / e / f	B2.5. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto grego.	2.5.1.	CCL
B3.1. d / e / f	B3.1. Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal.	3.1.1.	CCL
B3.1. d / e / f	B3.2. Recoñecer os usos das preposicións e dos complementos circunstanciais.	3.2.1.	CCL
B3.2. d / e / f	B3.3. Coñecer e identificar os usos modais propios da lingua grega.	3.3.1.	CCL
B3.3. d / e / f	B3.4. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas.	3.4.1.	CCL
B3.4. d / e / f	B3.5. Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas.	3.5.1.	CCL
B3.4. d / e / f	B3.6. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo.	3.6.1.	CCL
		3.6.2.	CCL
B3.5. d / e / f / i	B3.7. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos.	3.7.1.	CCL
		3.7.2.	CCL

<b>Contidos Obxectivos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>EAE</b>	<b>Competencias clave</b>
B4.1. d / e / h / i / n	B4.1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas, e as súas influencias na literatura posterior.	4.1.1.	CCL / CCEC
B4.1. d / e / h / i / n	B4.2. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura, se a extensión da pasaxe elixida o permite.	4.2.1.	CMCCT / CCEC
		4.2.2.	CCL
B4.1. d / e / h / i / n	B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e da cultura europea e occidental.	4.3.1.	CCL / CCEC
B4.1. d / e / h / i / n	B4.4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.	4.4.1.	CCEC
B4.1. d / e / h / i / n	B4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais.	4.5.1.	CD / CCEC
B5.1. d / e / f / n	B5.1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos.	5.1.1.	CCL
B5.2. d / e / g	B5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto.	5.2.1.	CCL / CD
B5.3. d / e / f	B5.3. Realizar a tradución, a interpretación e o comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico.	5.3.1.	CCL / CCEC
B5.4. a / d / e / h / n	B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	5.4.1.	CSC / CCEC
B5.5. d / n	B5.5. Identificar as características formais dos textos.	5.5.1.	CCL
B6.1. d / e / f	B6.1. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e remontalos aos étimos gregos orixinais.	6.1.1.	CCL
B6.1. d / e / f	B6.2. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou de outras, obxecto de estudo de léxico común e especializado.	6.2.1.	CCL



<b>Contidos Obxectivos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>EAE</b>	<b>Competencias clave</b>
B6.2. d / e / f / n	B6.3. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego.	6.3.1.	CCL
		6.3.2.	CCL
B6.2. d / e / f / n	B6.4. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	6.4.1.	CCL
B6.3. d / e / f	B6.5. Recoñecer a etimoloxía e evolución das palabras da propia lingua.	6.5.1.	CCL
B6.4. d / e / f	B6.6. Recoñecer e identificar os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego, a derivación e a composición, para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.	6.6.1.	CCL
		6.6.2.	CCL

### 5.3. Estándares de avaliación.

No D 86/2015 defínense os estándares de aprendizaxe avaliáveis como “especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.” A Orde ECD/65/2015 no seu artigo 5 (As competencias clave no currículo) establece que “Todas as áreas e materias deben contribuír ao desenvolvemento competencial.

O conxunto de estándares de aprendizaxe avaliáveis das diferentes áreas ou materias que se relacionan cunha mesma competencia dá lugar ao perfil desa competencia (perfil de competencia). A elaboración deste perfil facilitará a avaliación competencial do alumnado”.

O relacionar os estándares de aprendizaxe avaliáveis coas competencias ás que contribúen permitiranos avaliar o grao de consecución das mesmas ao avaliar devanditos estándares, agrupados por procedementos, mediante distintos instrumentos de cualificación.

Elaboraremos un informe competencial de cada alumno, no que se reflicta a relación entre estándares de aprendizaxe e competencias, mostrando os niveis de desempeño competenciais alcanzados polo alumno. No desenvolvemento das unidades didácticas aparecerán detallados os estándares de aprendizaxe avaliábles relacionados cos procedementos de avaliación.

#### **5.4. Procedementos, técnicas e instrumentos de avaliación.**

O emprego dos estándares de aprendizaxe favorecerá a necesaria obxectividade na avaliación, así como a uniformidade en todos os centros. No proceso de avaliación non só participará o profesor, senón que utilizaremos estratexias para facilitar a participación dos alumnos, mediante a autoavaliación. Esta autoavaliación levarase a cabo ao finalizar cada avaliación. Non terá incidencia na nota de avaliación, pois a súa finalidade é propiciar a reflexión do alumno sobre o seu proceso de aprendizaxe. De acordo con o establecido na lexislación, a avaliación será continua e terá tres modalidades, atendendo ao momento de aplicación:

- a) Avaliación inicial diagnóstica: realizarase ao principio do curso. A súa finalidade será detectar os coñecementos previos e os resultados non terán incidencia na nota de avaliación.
- b) Avaliación procesual formativa: constatará se os alumnos van conseguindo os obxectivos didácticos previstos. Esta información permitiranos realizar os axustes necesarios no desenvolvemento das unidades didácticas e, ao mesmo tempo, proporcionará aos alumnos información sobre o seu traballo e resultados.
